

- **¿Qué pretendemos con Concilia H2O 2017?**

Concilia H₂O pretende axudar na tarefa da conciliación da vida laboral e familiar a tódalas familias, pero con especial atención a aquelas que estean nunha situación de maior vulnerabilidade. É unha medida contemplada dentro do II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2016-2020. Este ano presentamosvos un novo proxecto que engloba diferentes áreas de traballo: educación multicultural, educación para a paz e educación medioambiental.

A través dun personaxe: A pinga PAZ os nosos nenos e nenas viaxarán polos diferentes continentes coñecendo un pouco máis sobre a súa cultura, raíces, lugares etc... coñecerán o interesante da diversidade e o importante de manter a paz entre os pobos. Ó mesmo tempo poderán ver como o cambio climático afecta a todo o mundo e en que medida. Pero non nos esqueceremos do noso Concello e tamén poderán visitar, en cada quenda, un lugar e coñecerán algúnha festa ou romaría tradicional: Feira dos Callos, Pardiñas, Festa da Torta de Millo e Bascuas.

- **HORARIOS E QUENDAS:**

- QUENDA 1: A PINGA PAZ VIAXA A ASIA. NA 1ª quincena de xullo: do 1 ao 15
- QUENDA 2: A PINGA PAZ VIAXA A AMÉRICA. Na 2ª quincena de xullo, do 16 ao 31
- QUENDA 3: A PINGA PAZ VIAXA A ÁFRICA. Na 1ª quincena de agosto: do 1 ao 15
- QUENDA 4: A PINGA PAZ VIAXA Á ANTÁRTIDA. NA 2ª quincena de agosto: do 16 ao 31.

- ⇒ O horario será de 10:00 a 14:00 e para nenos/as de 3 a 8 anos de idade; é dicir os/as nacidos/as entre os anos 2008 e 2013. O punto de encontro será sempre a Casa Habanera.
- ⇒ Prazo de inscrición: ata o 23 de xuño ou ata completar prazas.

- **SISTEMA DE ACCESO:**

Para realizar a actividade deberá haber un mínimo de 8 nenos senón esa quenda quedará suspendida ou se unificarán quendas. Terán prioridade aquelas familias nas que ámbolos proxenitores estean a traballar e os ingresos sexan menores ó 6.5 veces o IPREM. Tamén terán un acceso prioritario aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade: minorías étnicas, vítimas de violencia de Xénero, familias con membros con

diversidade funcional, perceptoras de rendas de inserción, dependencia, menores tutelados ou noutra situación de protección, outros...

Por outra banda terán prioridade os empadroados sobre os non empadroados e por último terase en conta a orde de inscrición.

A lista de admitidos de cada quenda publicarase antes do 29 de xuño. Unha vez publicada os nenos e nenas admitidas terán un prazo de 5 días hábiles para efectuar o pago e entregar o xustificante.

- **Documentación a aportar:**

- Solicitude de inscrición debidamente cuberta.
- Fotocopia da Tarxeta Sanitaria. (se é a primeira vez)
- Fotocopia do DNI do pai ou nai. (se é a primeira vez ou foi renovado dende o ano anterior)
- Poderase requerir, se se considera necesario, unha copia da última declaración da renda.

- **PREZOS INCREMENTOS E BONIFICACIÓNS:**

- PREZO XERAL: **30.00€ por cada quenda.**
- Bonificación dun 10% se se matricula en 2 ou máis quendas
- Se se matricula nas 4 quendas o prezo total redúcese a : 100€
- No caso de irmáns: bonificación do 20% a cada un.
- Familias monoparentais/monomarentais e numerosas bonificación dun 20%.
- Bonificación ata un 50% a valorar por servizos sociais para familias en situación de vulnerabilidade. (Disposición adicional Resolución 8 de Outubro de 2015 da Secretaría Xeral da Igualdade)
- Incremento dun 20% para cando ningún membro da unidade familiar esta empadroado no Concello .
A cota a pagar ingresarase no seguinte número de conta e entregarse no Concello o xustificante de pago.

ES20 2080 0122 4631 1000 0022

Anímate e Inscríbete ata o 23 de xuño!



UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA

Rúa do Concello 4, 27300 Guitiriz
Tef: 982.370.109
www.concellodeguitiriz.com
Concellalía de Benestar Social

CONCILIA H₂O

“A pinga PAZ percorre o mundo”



